RA3 - Rexistra contablemente as operacións derivadas do fin do exercicio económico con base na información e na documentación dun ciclo económico completo, aplicando os criterios do PXC e a lexislación.

CA3.9 - Rexistráronse nos libros obrigatorios da empresa todas as operacións derivadas do exercicio económico que

sexan necesarias.

Contidos**BC1 - Contabilización en soporte informático dos feitos contables**

C1.4 - Fontes de financiamento alleas.

Obxectivos específicos

Identificar as contas que o PGC Pymes emprega para rexistrar as subvencións, doazóns e legados.

Analizar a norma de valoración 18ª do PGC Pymes relativa a subvencións, doazóns e legados.

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e corrixidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e apuntes facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.

UD	Título da UD	Duración
4	Contabilidade das operacións derivadas do peche do exercicio económico	5

	Actividade	Descrición	Duración
1	As operacións de fin de exercicio	Identificar os gastos e ingresos que poidan corresponder ao exercicio económico actual e atoparse pendentes de cobro ou pago, e contabilizalos.	2

Criterios de avaliación

RA3 - Rexistra contablemente as operacións derivadas do fin do exercicio económico con base na información e na documentación dun ciclo económico completo, aplicando os criterios do PXC e a lexislación.

CA3.6 - Realizáronse os asentos derivados da periodización contable.

Contidos
BC3 - Rexistro contable das operacións derivadas do fin do exercicio económico

C3.1 - Proceso de regularización.

C3.2 - Regularización de existencias.

C3.3 - Deterioracións de valor. Amortización.

C3.4 - Moeda estranxeira.

C3.5 - Periodización contable. Gastos e ingresos anticipados.

Obxectivos específicos

Estudar os axustes por periodificación: gastos e ingresos deste exercicio pendentes de contabilización que se pagan ou se cobran no seguinte.

Reclasificación das operacións: pasar a curto prazo as operacións contables que vencen.

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e corrixidos polo profesor.

Recursos específicos

Ordenador, proxector e apuntes facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Cálculo do resultado do exercicio.	Calcular o resultado do exercicio e contabilización do imposto sobre sociedades.	3

Crterios de avaliación

RA3 - Rexistra contablemente as operacións derivadas do fin do exercicio económico con base na información e na documentación dun ciclo económico completo, aplicando os criterios do PXC e a lexislación.

CA3.7 - Obtívose o resultado por medio do proceso de regularización.

Contidos

BC2 - Tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao imposto de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas

C2.4 - Documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.

BC3 - Rexistro contable das operacións derivadas do fin do exercicio económico

C3.6 - Rexistros contables do imposto sobre sociedades e o IVE.

C3.7 - Resultado contable.

C3.8 - Pechamento, libros contables e contas anuais.

Obxectivos específicos

Cálculo do resultado do exercicio e analizar como aplicalo.

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e corrixidos polo profesor.

Recursos específicos

Ordenador, proxector e apuntes facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.

UD	Título da UD	Duración
5	Confección das contas anuais	11

	Actividade	Descrición	Duración
1	As cuentas anuais	Estudar a composición e o cumprimento das contas anuais que deben rexistrar as empresas ao final do exercicio económico no Rexistro Mercantil.	11

Criterios de avaliación

RA4 - Confecciona as contas anuais e verifica os trámites para o seu depósito no Rexistro Mercantil, aplicando a lexislación mercantil.

CA4.1 - Determinouse a estrutura da conta de perdas e ganancias, diferenciando os tipos de resultado que integran.

CA4.2 - Determinouse a estrutura do balance de situación indicando as relacións entre as epígrafes.

CA4.3 - Estableceuse a estrutura da memoria, o estado de cambios no patrimonio e o estado de fluxos de efectivo.

CA4.4 - Confeccionáronse as contas anuais aplicando os criterios do PXC e utilizáronse as aplicacións informáticas correspondentes.

CA4.5 - Determináronse os libros contables obxecto de legalización para a súa presentación ante os organismos correspondentes.

CA4.6 - Verificáronse os prazos de presentación legalmente establecidos nos organismos oficiais correspondentes.

CA4.7 - Cubríronse os formularios de acordo coa lexislación mercantil, utilizando aplicacións informáticas.

CA4.8 - Comprobase a veracidade e a integridade da información contida nos ficheiros xerados pola aplicación informática.

CA4.9 - Valorouse a importancia das contas anuais como instrumentos de comunicación interna e externa, e información pública.

CA4.10 - Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.

CA4.11 - Valorouse a aplicación das normas de protección de datos no proceso contable.

Contidos

BC4 - Confección das contas anuais

C4.1 - Comunicación da información contable.

C4.2 - Contas anuais: normas para a súa elaboración.

C4.3 - Balance de situación.

C4.4 - Conta de perdas e ganancias.

C4.5 - Estado de cambios no patrimonio neto.

C4.6 - Memoria.

C4.7 - Depósito e publicación das contas anuais.

C4.8 - Aplicacións informáticas de contabilidade.

Obxectivos específicos

Analizar a composición e cumprimentación do balance de situación.

Analizar a composición e cumprimentación da conta de perdas e ganancias.

Analizar a memoria a presentar pola empresa ao final do exercicio económico

Análisis da normativa vixente e os prazos a cumprir

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios formulados e corrixidos polo profesor.

Recursos específicos

Ordenador, proxector e apuntamentos facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable

UD	Título da UD	Duración
6	Aplicacións informáticas: ContaPlus	3

	Actividade	Descrición	Duración
1	Aplicacións informáticas	Estudar as aplicacións informáticas para contabilizar as operacións económicas da empresa.	3

Criterios de avaliación

RA1 - Contabiliza en soporte informático os feitos contables derivados das operacións de transcendencia económico-financeiras dunha empresa, cumprindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PXC).

CA1.1 - Comprobase a correcta instalación das aplicacións informáticas e o seu funcionamento.

CA1.2 - Seleccionáronse as prestacións, as funcións e os procedementos das aplicacións informáticas que cumpra empregar para a contabilización.

CA1.8 - Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.

RA2 - Realiza a tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicando a normativa de carácter mercantil e fiscal.

CA2.5 - Cubriuse a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos utilizando aplicacións informáticas de xestión fiscal.

CA2.6 - Xeráronse os ficheiros necesarios para a presentación telemática dos impostos, con valoración da eficiencia desta vía.

RA3 - Rexistra contablemente as operacións derivadas do fin do exercicio económico con base na información e na documentación dun ciclo económico completo, aplicando os criterios do PXC e a lexislación.

CA3.1 - Rexistráronse en soporte informático os feitos contables e fiscais que se xeran nun ciclo económico completo e contidas nos documentos soporte.

CA3.10 - Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.

Contidos

BC1 - Contabilización en soporte informático dos feitos contables

C1.11 - Aplicacións informáticas de contabilidade.

BC2 - Tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao imposto de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas

C2.5 - Aplicacións informáticas de liquidación de impostos.

BC3 - Rexistro contable das operacións derivadas do fin do exercicio económico

C3.9 - Aplicacións informáticas de contabilidade.

BC4 - Confección das contas anuais

C4.8 - Aplicacións informáticas de contabilidade.

BC5 - Informes de análise da situación económico-financeira e patrimonial dunha empresa

C5.4 - Aplicacións informáticas de análise dos estados contables.

C5.5 - Indicadores de calidade nos procesos de análise da información contable

Obxectivos específicos

Elaborar a información contable dunha empresa creada polo alumno utilizando medios informáticos.

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios formulados e corrixidos polo profesor.

Recursos específicos

Ordenador, proxector e apuntamentos facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.

UD	Título da UD	Duración
7	Análise económico-financeira e patrimonial dunha empresa	12

	Actividade	Descrición	Duración
1	Análisis económico e financeiro	Realizar unha análise económico-financeira e patrimonial dunha empresa.	12

Criterios de avaliación

RA5 - Elabora informes de análise sobre a situación económico-financeira e patrimonial dunha empresa, interpretando os estados contables.

CA5.1 - Definíronse as funcións das análises económico-financeira, patrimonial e de tendencia e proxección, e establecéronse as súas diferenzas.

CA5.2 - Seleccionouse a información salientable para a análise dos estados contables que a proporcionan.

CA5.3 - Identificáronse os instrumentos de análise máis significativos e describiuse a súa función.

CA5.4 - Calculáronse as diferenzas, as porcentaxes, os índices e as razóns máis salientables para a análise económica, financeira e de tendencia e proxección.

CA5.5 - Realizouse un informe sobre a situación económico-financeira da empresa derivada dos cálculos realizados, en comparación cos exercicios anteriores e coa media do sector.

CA5.6 - Obtivéronse conclusións con respecto á liquidez, a solvencia, a estrutura financeira e as rendibilidades da empresa.

CA5.7 - Valorouse a importancia da análise dos estados contables para a toma de decisións na empresa e a súa repercusión con respecto aos implicados nesta (stakeholders).

Contidos

BC5 - Informes de análise da situación económico-financeira e patrimonial dunha empresa

C5.1 - Obxectivo da análise dos estados contables.

C5.2 - Clasificación funcional do balance.

C5.3 - Análise patrimonial, financeira e económica.

C5.4 - Aplicacións informáticas de análise dos estados contables.

C5.5 - Indicadores de calidade nos procesos de análise da información contable

Obxectivos específicos

Comprender o concepto de ratio

Realizar a análise económico-financeira e patrimonial dunha empresa.

Determinar o período medio de maduración dunha empresa

Calcular e analizar o umbral e o punto morto dunha empresa.

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios formulados e corrixidos polo profesor.

Recursos específicos

Ordenador, proxector e apuntamentos facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.

UD	Título da UD	Duración
8	O imposto sobre a renda das persoas físicas. O imposto sobre sociedades. O imposto sobre as actividades económicas.¿	36

	Actividade	Descrición	Duración
1	O imposto sobre a renda das persoas físicas.	Identificar as principais normas legais que regulan o imposto sobre a renda das persoas físicas, e analizar os elementos tributarios básicos do imposto, os conceptos, os procedementos e os requisitos.	12

Criterios de avaliación

RA2 - Realiza a tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicando a normativa de carácter mercantil e fiscal.

CA2.1 - Analizouse a normativa fiscal e as normas aplicables en cada tipo de imposto.

CA2.2 - Seleccionáronse os modelos establecidos pola Facenda pública para atender o procedemento de declaración-liquidación dos impostos.

CA2.3 - Identificáronse os prazos establecidos pola Facenda pública para cumprir as obrigas fiscais.

Contidos

BC2 - Tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao imposto de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas

C2.3 - Imposto sobre a renda das persoas físicas: métodos de cálculo da base imponible; réximes especiais; xestión do imposto.

C2.4 - Documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.

Obxectivos específicos

Analizar o concepto de feito imponible, base imponible, base liquidable, cota tributaria e cota líquida.

Analizar a obriga de facer a declaración do IRPF

Cumprimentación mediante o programa facilitado pola facenda pública de distintos tipos de declaracións.

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios formulados e corrixidos polo profesor.

Recursos específicos

Ordenador, proxector e apuntamentos facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.

	Actividade	Descrición	Duración
2	O imposto sobre sociedades.	Identificar as principais normas legais que regulan o imposto sobre sociedades, e analizar os elementos	12

	Actividade	Descrición	Duración
2	O imposto sobre sociedades.	tributarios básicos do imposto, os conceptos, os procedementos e os requisitos.	12
<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA2 - Realiza a tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicando a normativa de carácter mercantil e fiscal.</p> <p>CA2.4 - Realizáronse os cálculos oportunos para cuantificar os elementos tributarios dos impostos que gravan a actividade económica.</p> <p>CA2.7 - Relacionáronse os conceptos contables cos aspectos tributarios.</p>			
<p>Contidos</p> <p>BC2 - Tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao imposto de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas</p> <p>C2.2 - Imposto sobre sociedades: cálculo e contabilización.</p> <p>C2.5 - Aplicacións informáticas de liquidación de impostos.</p>			
<p>Obxectivos específicos</p> <p>Analizar o feito imponible, a base imponible, a cota e a débeda tributaria.</p> <p>Cumprimentación do imposto de sociedades de varios tipos de empresas sociais que estean obrigadas</p>			
<p>Resultados ou produtos</p> <p>Caderno do alumno cos exercicios formulados e corrixidos polo profesor</p>			
<p>Recursos específicos</p> <p>Ordenador, proxector e apuntamentos facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.</p>			

	Actividade	Descrición	Duración
3	O imposto sobre actividades económicas.	Analizar a normativa fiscal vixente e as normas referidas ao IAE	12
<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA2 - Realiza a tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicando a normativa de carácter mercantil e fiscal.</p> <p>CA2.8 - Diferenciouse entre resultado contable e resultado fiscal, e especificáronse os procedementos para a conciliación de ambos.</p> <p>CA2.9 - Contabilizáronse os feitos contables relacionados co cumprimento das obrigas fiscais, incluíndo os axustes fiscais correspondentes.</p> <p>CA2.10 - Descríronse e cuantificáronse as consecuencias da falta de rigor no cumprimento das obrigas fiscais.</p>			

Contidos**BC2 - Tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao imposto de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas**

C2.1 - Impostos locais sobre actividades económicas.

Obxectivos específicos

Estudar quen está obrigado ao pagamento do IAE.

Cumprimentación dos formularios 036/037

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios formulados e corrixidos polo profesor.

Recursos específicos

Ordenador, proxector e apuntamentos facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.

UD	Título da UD	Duración
9	O proceso de auditoría na empresa	11

	Actividade	Descrición	Duración
1	A auditoría de contas	Análise do concepto de auditoría de contas e da súa obrigatoriedade.	11

Criterios de avaliación

RA6 - Caracteriza o proceso de auditoría na empresa e describe o seu propósito dentro do marco normativo español.

CA6.1 - Delimitouse o concepto de auditoría, as súas clases (interna e externa) e o seu propósito.

CA6.2 - Sinaláronse os órganos e a normativa que atinxen a auditoría en España.

CA6.3 - Verificáronse as facultades e as responsabilidades dos auditores.

CA6.4 - Estableceuse a secuencia das fases dun proceso de auditoría e os fluxos de información que se xeran en cada un.

CA6.5 - Determináronse as partes dun informe de auditoría.

CA6.6 - Valorouse a importancia da obrigatoriedade dun proceso de auditoría.

CA6.7 - Valorouse a importancia da colaboración do persoal da empresa nun proceso de auditoría.

CA6.8 - Recoñecéronse as tarefas que debe realizar a empresa nun proceso de auditoría interna ou externa.

CA6.9 - Contabilizáronse os axustes e as correccións contables derivadas de propostas do informe de auditoría.

Contidos

BC6 - Caracterización do proceso de auditoría na empresa

C6.1 - Auditoría: definición, obxecto e clasificación. Auditoría en España. Normas de auditoría. Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

C6.2 - Obrigatoriedade e responsabilidade da empresa nun proceso de auditoría.

C6.3 - Fases e contido da auditoría.

C6.4 - Réxime de habilitación dos auditores. Facultades e responsabilidades dos auditores. Nomeamento dos auditores.

C6.5 - Axustes e correccións contables.

C6.6 - Informe dos auditores de contas.

Obxectivos específicos

Comprender o concepto de auditoría, as clases e a finalidade.

Coñecer a normativa vixente en España.

Comprender a importancia da auditoría e das súas fases.

Analizar o resultado da auditoría: informe.

Efectuar axustes e reclasificacións contables que pode realizar un auditor.
Resultados ou produtos
Caderno do alumno cos exercicios plantexados e corrixidos polo profesor.
Recursos específicos
Ordenador, proxector e apuntes facilitados polo profesor e a normativa vixente aplicable.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A observación dos coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado durante a realización das actividades nas primeiras semanas do curso resulta fundamental para coñecer e avaliar a situación de partida dos alumnos e do grupo-clase, e así favorecer unha aprendizaxe significativa para todo o alumnado.

Unha vez coñecida a situación de partida do alumno ou alumna e as dificultades observadas, intentarase establecer a tempo as medidas de flexibilización e adaptación oportunas, de acordo coa lexislación vixente e en coordinación co resto do profesorado.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	13	29	8	3	7	2	8
Outro	0	0	0	0	0	10	0
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de observación	10	10	10	10	10	0	10

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	23	7	100
Outro	0	0	0
Proba escrita	90	90	90
Táboa de observación	10	10	10

Procedemento e criterios de cualificación:

O proceso de ensino-aprendizaxe programárase fundamentalmente baseándose na realización dunha serie de actividades de aprendizaxe teórico-prácticas, de forma individual e/ou en grupo, que teñen como finalidade fomentar a iniciativa do alumnado e o proceso de autoaprendizaxe, desenvolvendo as súas capacidades de comprensión e análise.

O proceso para acadar unha avaliación positiva concrétase nos criterios de avaliación reflectidos na programación.

O procedemento de avaliación deste módulo responde á modalidade de avaliación ordinaria ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo, sendo necesaria a asimilación total dos conceptos e metodoloxías expostas en cada unidade temática.

Por este motivo, e tratándose dun ensino presencial, será obrigatoria a asistencia e a puntualidade do alumnado ás actividades de aula programadas para o módulo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En termos xerais, tomaranse como referencia os resultados de aprendizaxe que o alumnado debe acadar neste módulo, xunto cos criterios de avaliación establecidos no correspondente currículo.

A cualificación numérica exprésase entre un e dez puntos, sen decimais, considerándose superada positivamente a avaliación trimestral cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5).

PONDERACIÓNS ESPECÍFICAS

En termos específicos, para a determinación da nota teranse en conta tanto os coñecementos teórico-prácticos adquiridos polo alumnado como o procedemento de traballo na aula.

Polo tanto, a cualificación de cada avaliación trimestral resultará das seguintes ponderacións:

A) Cualificarase cun 90 % a nota media das probas obxectivas (exames) realizadas en cada avaliación. B) Cualificarase cun 10 % o conxunto dos seguintes aspectos:

- Resolución de traballos e casos prácticos propostos na aula, coa finalidade de coñecer e valorar o grao de seguimento e asimilación dos contidos por parte do alumnado.

A nota final do módulo coincidirá coa nota da segunda avaliación, no caso de que o módulo estea superado. No caso contrario, establecerase o procedemento de recuperación das partes non superadas.

O profesor valorará estes aspectos mediante a observación directa durante o desenvolvemento das tarefas na aula.

A valoración deste apartado quedará rexistrada no caderno do profesor, onde figurarán de forma individualizada as cualificacións correspondentes.

C) Para superar positivamente a avaliación de cada trimestre do curso, o alumnado deberá obter unha nota igual ou superior a cinco (5), conforme ás ponderacións establecidas anteriormente.

Outros tipos de probas, traballos ou presentacións, incluídas as realizadas a través de ferramentas telemáticas, deberán efectuarse nas condicións e prazos que indique o profesor ou profesora.

Procedemento e criterios de recuperación

O proceso de ensino-aprendizaxe será significativo, adquiríndose os novos coñecementos e conceptos a partir dos previamente asimilados, e cualificarase mediante avaliación continua, de modo que o profesor adapta o procedemento ás características e necesidades do alumnado.

O profesor realizará probas de recuperación ao longo do curso para as avaliacións non superadas.

En todo caso, deseñase unha proba específica de recuperación ao finalizar o módulo para aqueles alumnos que non acadaran os obxectivos polo método ordinario.

Dita proba integrará os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos establecidos nesta programación e traballados nas actividades desenvolvidas ao longo do curso.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con módulos pendentes deberá realizar unha proba de recuperación final, que terá unha estrutura teórico-práctica. A proba basearase nos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos establecidos na programación. Para superar o módulo, será necesario obter unha nota igual ou superior a 5 puntos en cada unha das partes da proba (teórica e práctica). Así mesmo, a profesora poderá propoñer a realización de actividades de recuperación previas a esta proba final.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Ao finalizar o período lectivo deste módulo, realizarase unha proba obxectiva sobre toda a materia para aqueles alumnos que, por falta de asistencia, perdesen o dereito á avaliación continua.

Dita proba consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos e/ou cuestións teóricas, que permitirán determinar se o alumno ou alumna posúe o nivel axeitado para acadar os obxectivos e contidos establecidos nesta programación.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, con ata dous decimais, de acordo cos criterios de corrección establecidos ao inicio desta. Para superar a avaliación, o alumnado deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5.

A cualificación da avaliación exprésase numericamente de 1 a 10, sen decimais, redondeándose, se for o caso, da seguinte forma: o decimal aproxímarase ao número enteiro superior se o seu valor é igual ou superior a 0,5, e ao enteiro inferior nos demais casos.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Co fin de posibilitar que todo o alumnado acade os mínimos reflectidos na programación, propónse o seguimento do traballo diario para valorar a evolución do alumnado, así como a realización de tarefas complementarias destinadas a reforzar os contidos.

8.1. Programación da educación en valores.

A educación en valores desenvólvese ao longo do curso en distintos temas, como poden ser a responsabilidade e a solidariedade das persoas, que se poñen de manifesto nas obrigas contables e fiscais da empresa e que poden extrapolarse ao ámbito individual.

Exemplos claros disto son os temas relacionados coa obrigatoriedade de levar os libros contables ou o estudo do sistema fiscal español, entre outros.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

En colaboración cos Departamentos de Orientación, Administrativo, Formación e Orientación Laboral e Economía, realizaranse diferentes actividades ao longo do curso:

- Visitas a empresas da zona, co fin de coñecer a contorna socioeconómica da área.
- Visitas a distintos organismos públicos para comprender o seu funcionamento e organización, tales como o Concello, a Facenda Pública, a Seguridade Social, o Parlamento de Galicia, entre outros.

A data de realización das ditas visitas estará suxeita á planificación das actividades doutros grupos, debido á redución do orzamento do centro e, polo tanto, á necesaria simultaneidade de varias actividades que permita reducir os seus custos.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Mensualmente realizarase unha valoración do grao de desenvolvemento e cumprimento da programación, así como do seguimento desta por parte do alumnado, xustificando razoablemente os posibles desvíos.

En canto á metodoloxía didáctica empregada, específica do módulo, levarase a cabo un proceso de avaliación continua.

O proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado realízase coa finalidade de coñecer e valorar o grao de comprensión e adquisición individual de coñecementos, así como de detectar as deficiencias ou erros na asimilación de conceptos e procesos que a profesora deba ter en conta no desenvolvemento das seguintes unidades.

O equipo docente reunirse periodicamente para realizar o seguimento da programación e comprobar a adecuación da práctica docente ao inicialmente programado.

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico, á vista da experiencia do curso anterior e doutras circunstancias que poidan influír no seu desenvolvemento.

11.1. Outros apartados.